

Solicitud de equivalencia de títulos estranxeiros

Os titulados conforme a sistemas educativos alleos ao EEES, poden acceder aos estudos de posgrao (máster e doutoramento), sen necesidade de homologar os seus títulos, previa comprobación pola Universidade de que posúen e acreditan un nivel de formación **equivalente** aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois e que facultan para o acceso aos ensinos de posgrao no país expedidor do título. O recoñecemento da equivalencia permite os estudos nos que se é admitido, pero non implica, en ningún caso, a homologación previa do título nin o seu recoñecemento a outros efectos.

Para realizar a solicitude de admisión debe [rexistrarse no sistema informático](#) e cumprimentar os datos interesados.

A admisión e matrícula teñen carácter provisional e están condicionadas á concesión da equivalencia da titulación universitaria de acceso.

A **SOLICITUDE DE EQUIVALENCIA** deberá presentarse no [Servizo de Xestión Académica](#), unha vez que o alumno fose admitido por esta Universidade. Dita solicitude debe ir acompañada dos seguintes documentos, que terán que ser oficiais e estar expedidos polas autoridades competentes, de acordo co ordenamento xurídico do país de orixe:

- Copia DNI, NIE ou Pasaporte
- **Certificación Académica** dos estudos universitarios que recolla a duración dos estudos, anos académicos, materias cursadas, carga lectiva de cada materia (horas ou créditos), cualificacións e escala de cualificacións.
- **Título universitario.**
- Acreditación do abono de 27,09 euros correspondentes aos prezos públicos pola solicitude de equivalencia
- Información complementaria: Acreditar que a súa titulación ten un nivel de formación equivalente aos títulos españois de grao e que facultan no país de orixe para o acceso a estudos de posgrao.

Achegaranse os documentos **orixinais**, xunto cunha fotocopia, para a súa compulsión polo [Servizo de Xestión Académica](#). Se os documentos están confrontados ante Notario español ou polas representacións diplomáticas ou consulares de España no país de onde procedan os documentos, non será necesaria a presentación do orixinal. Non procederá a compulsión ou cotexo de documentos xa compulsados ou que non sexan orixinais.

Para iniciar o trámite pode enviarse a documentación escaneada, pero este non finalizará ata a recepción e verificación dos orixinais.

Os documentos deberán presentarse [legalizados](#) por vía diplomática ou, no seu caso, mediante apostila do Convenio da Haia. A efectos do disposto sobre achega de copias compulsadas, a legalización ou apostila deberán figurar sobre o documento orixinal, antes da realización da copia que se vaia a compulsar pola autoridade competente.